

COMPARECENCIA SOBRE LUSOFONÍA
2018
(Versión reducida)
7 de xuño

ÍNDICE

SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

1. Ensinanza en lingua portuguesa

- 1.1. O ensino do portugués na ESO e no Bacharelato
- 1.2. Seccións bilingües en lingua portuguesa
- 1.3. Escolas Oficiais de Idiomas

2. Auxiliares de conversa de lingua portuguesa

3. Programas de lingua e cultura portuguesa

- 3.1. Acordo co Instituto Camões
- 3.2. Orzamento
- 3.3. Formación do profesorado galego de educación secundaria
- 3.4. Actividades desenvolvidas no ano 2017 con especial incidencia da lingua portuguesa
- 3.5. Actividades previstas para o curso 2017-2018

4. Estadías lingüísticas para o alumnado en Galicia e no estranxeiro

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)

1. Formación en lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía : Anualidade 2018

2. Previsión de formación en lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía para 2019

ACTIVIDADES CULTURAIS : SECRETARÍA XERAL DE CULTURA

1. Programa “Nortear” para o intercambio cultural con Portugal

- 1.1. Premio Literario “Nortear”
- 1.2. Programa “Conversas Nortear”
- 1.3. Exposición “Libertas”
- 1.4. Exposición “Camiños do ferro e da prata. Liñas do Douro e do Miño”
- 1.5. Outras

2. Proxecto “aRi[t]mar”

3. Diálogos musicais

- 3.1. “Canto na maré”
- 3.2. “International Keyboard Festival & Masterclass” da Eurocidade Tui-Valença (**IKFEM**)
- 3.3. “OuTonalidades”

4. Coproducións teatrais

- 4.1. “O conto de inverno”
- 4.2. “Daniel Faria”

5. III Encontro de Coprodución Audiovisual Portugal – Galicia

6. XII Bienal de Pintura Eixo Atlántico 2017-2018

7. Lingua

- 7.1. Centros de Estudos Galegos en Portugal
- 7.2. Convenio coa Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte... nas ondas!”

ACTIVIDADES CULTURAIS : AGADIC

- 1. Culturgal**
- 2. Ao latexo das Letras**
- 3. IV Semana Cultural “Convergências Portugal-Galiza”**
- 4. Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)**

ACTIVIDADES CULTURAIS : FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA

- 1. Pequenos filmes 2018. Festival Infantil de Curtas: “A descuberta dos océanos”**
- 2. Escenas do cambio 2018. Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción:**
 - 2.1. “Antonio e Cleopatra”
 - 2.2. “Master Class”
 - 2.3. “Miguel meets Karima”
- 3. Escenas do cambio 2019. Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción**
 - 3.1. “O gatillo da felicidade”
- 4. Os sons do Vindel. Músicas da Península Ibérica no século XIII**
- 5. Cidade Imaxinaria Primavera: “Os xogos do Helder”**
- 6. Nexos 2018. Ciclo de cultura contemporánea: “A renovación da lírica portuguesa”**
- 7. Día da Música: “Arraianos” (Sondeseu)**
- 8. Atardecer no Gaiás: “Silence Lover’s Club”**

ACTIVIDADES AUDIOVISUAIS : CRTVG

- 1. Convenio de Colaboración en vigor CRTVG – RTP**
- 2. Programas portugueses na TVG**
- 3. Coproducións de Ficción**
- 4. Presenza permanente dos Servizos Informativos da CRTVG no Porto**
- 5. Coñecemento dos xornais lusos**
- 6. Aspectos lingüísticos e achegamento ao portugués**
- 7. Encontros institucionais**
- 8. Proposta de emisións recíprocas das televisións públicas de Galicia e Portugal**
- 9. Previsións para o resto de 2018**

RELACIÓNS EXTERIORES

- 1. Aprobación da Estratexia Galega de Acción Exterior**
- 2. Aprobación do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) : colaboración co PALOP**
- 3. Actividades concretas**
- 4. Outras iniciativas (programa IACOBUS)**

SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

1. ENSINANZA DA LINGUA PORTUGUESA

1.1. O ensino do Portugués na ESO e no Bacharelato.

En total, o Portugués na etapa da ESO e no Bacharelato é estudado por **2 647** alumnos e alumnas. A esta cifra súmanse os 1 055 alumnos e alumnas que estudan a Lingua Portuguesa nas Escola Oficial de Idiomas, alcanzando un total de **3 702** alumnos e alumnas.

Portugués como segunda lingua estranxeira e materia de libre configuración.

No curso 2017/2018 estúdase a materia de Lingua Portuguesa como segunda lingua estranxeira en 59 centros de ensinanza secundaria nas etapas de ESO -1 383 alumnos- e Bacharelato -792 alumnos- acadando un total de **2 175** alumnos e alumnas. Así mesmo, impártese Portugués como materia de Libre Configuración en 10 centros educativos cun total de **366** alumnos e alumnas.

1.2 Seccións bilingües en lingua portuguesa

No curso 2017/2018 hai 7 centros que ofertan 7 seccións bilingües en Portugués acadándose, deste xeito, un notable incremento co respecto ao curso 14/15, cando tiñamos 5 seccións.

Total alumnado: 106

1.3. Escolas Oficiais de Idiomas

A Lingua portuguesa nas Escola Oficial de Idiomas (EOI)

Ofértase Lingua portuguesa en todas as EOI e nunha sección da EOI de Vigo, Tui. Con 23 profesores e profesoras, aténdese a un total de **1 055** alumnos e alumnas en 80 grupos (71 no curso 14/15 e 77 no curso 15/16).

Total alumnado: 1 055

2. AUXILIARES DE CONVERSA DE LINGUA PORTUGUESA

No curso 2017/2018 a Consellería conta no presente curso con 4 auxiliares de conversa de Portugués en centros de ensinanza secundaria que imparten a materia de Portugués como lingua estranxeira ou que contan con seccións bilingües en lingua portuguesa e na EOI de Ourense.

3. PROGRAMAS DE LINGUA E CULTURA PORTUGUESA

3.1. Acordo co Instituto Camões

O programa de lingua e cultura portuguesa, en colaboración co Instituto Camões, apoia o ensino-aprendizaxe da lingua portuguesa en 9 centros educativos galegos.

Neste momento, grazas a este Programa se reforza o portugués como segunda lingua estranxeira a máis de 500 alumnos e alumnas en centros educativos galegos.

Tres docentes prestan o seu apoio ao ensino da lingua e cultura portuguesa en centros da provincia da Coruña, Ourense e Pontevedra.

3.2. Orzamento

- 1.1. O **programa PIALE** na modalidade de actividades en lingua portuguesa oferta 15 prazas para o curso de 2 semanas de duración e 15 prazas para a actividade de integración de 4 semanas (5 prazas máis que o curso pasado). O orzamento do programa para o ano 2017 é de 88 935 €, o que supón un incremento de máis de 22 000 € con respecto ao ano anterior (66 550 €).
- 1.2. **Auxiliares de conversa.** O orzamento do que se dispón para cada auxiliar de conversa é de 5 600€ anuais, o que supón un total de 28 000€ anuais.

3.3. Formación do profesorado galego de educación secundaria

O profesorado galego pode formarse cos cursos de lingua portuguesa que se ofertan nos CFR (cursos de 30/60 horas dos niveis A2 e B1).

Programa PIALE oferta un curso de lingua portuguesa de 2 semanas de duración en Portugal e unha actividade de integración de 4 semanas realizadas no o primeiro trimestre do curso 2017/2018.

O número de prazas para ámbalas dúas modalidades -modalidade do curso de 2 semanas e modalidade dun mes en integración con substitución do profesorado- é de 15.

Para participar no programa PIALE ten preferencia o profesorado que imparte lingua portuguesa no ensino secundario e o profesorado que imparte seccións bilingües en lingua portuguesa.

3.4. Actividades desenvolvidas no ano 2017 con especial incidencia da lingua portuguesa

- Difusión dos proxectos europeos: Día Europeo de las Lenguas, 26 de setembro.
- Participación en actividades de formación relacionadas coas linguas estranxeiras:
 - Xornadas de Auxiliares de Conversa. Santiago, 3 de outubro de 2017.
 - Participación na IV *Xornada Galega de Linguas Estranxeiras*. Santiago, 1 de abril de 2017.

3.5. Actividades previstas para o curso 2017-2018

Nun contexto marcado por un profundo cambio curricular no ensino obrigatorio e no bacharelato, o desenvolvemento curricular, decreto e ordes de desenvolvemento trasladarán as normas de desenvolvemento o mandato establecido na Lei 1/2014, do 24 de marzo para a incorporación progresiva da aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia.

- No ámbito da formación do profesorado:
 - Impartiranse Cursos de actualización Lingüística e Comunicativa (*CALC*) en lingua portuguesa para promover a cualificación lingüística do profesorado nesta lingua, tanto para impartir a materia de lingua portuguesa, como para impartir Seccións Bilingües.
 - Incrementarase a oferta de lingua portuguesa no programa PIALE -con profundización en actividades de integración en centros portugueses.
 - Fomentarase a creación de Seccións Bilingües en lingua portuguesa para o que se necesita unha mellor preparación lingüística.
 - Enfoque de licenzas por formación do profesorado para a creación de cursos on line e materiais en portugués.
- No ámbito da cooperación co Instituto Camões:

- Solicitouse, como en anos anteriores, incrementar o número de docentes de apoio dentro do **Programa de Lingua e Cultura Portuguesa** para o próximo curso incrementando o número de docentes e facendo extensible a oferta de profesores de portugués á provincia de Lugo.
- Ofertar actividades culturais relacionadas coa promoción do portugués.
- Ofertar itinerarios de formación para o profesorado de lingua portuguesa en colaboración co Instituto Camões, coa correspondente certificación de formación de profesorado.
- Ofertar formación en lingua portuguesa en liña en colaboración co Instituto Camões e a Universidade Oberta de Lisboa.
- Promover, en colaboración co Instituto Camões, o Plan internacional de lectura para o alumnado do profesorado da rede CEPE (Coordenação de Ensino Português em Espanha).

4. ESTADÍAS LINGÜÍSTICAS PARA O ALUMNADO EN GALICIA E NO ESTRANXEIRO

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resolveu as axudas para a realización de estadías para a mellora da competencia do alumnado en linguas estranxeiras.

Nas estadías deste ano introducíronse unha serie de cambios nas oportunidades formativas para os mozos e mozas. Deste xeito, non só se realizarán en Galicia, senón que se abren tamén a outros países, entre eles Portugal, a través dun réxime residencial ou familiar. Así mesmo, o período formativo, que corre a cargo de profesorado nativo, vai de 1 a 4 semanas dependendo do curso e lugar de destino.

Para o **portugués** reserváronse un total de **20 prazas, 10 para alumnos de 1º de Bacharelato e outras 10 para alumnos de 2º de Bacharelato**. As estadías durarán **3 semanas** e poderase elixir o réxime de aloxamento (**familia ou residencia**).

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)

1. FORMACIÓN EN LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA: ANUALIDADE 2018

• O Plan de formación anual da EGAP ofrece cursos de formación en lingua portuguesa integrados na programación xeral da entidade. O obxectivo desta iniciativa é perfeccionar o dominio escrito, a comprensión lectora, e a fala do idioma portugués en distintos contextos sociais, culturais e profesionais.

A continuación ofrécese os datos relativos ás devanditas actividades de formación para o ano 2018:

Título	Horas	Modalidade	Núm. prazas
Lingua portuguesa. Nivel básico 1 (A1)	150	Teleformación	125
Lingua portuguesa. Nivel básico 2 (A2)	150	Teleformación	75
Lingua portuguesa. Nivel intermedio 1 (B1)	150	Teleformación	25
Lingua portuguesa. Nivel intermedio 2 (B2)	150	Teleformación	25
Conversa en portugués	50	Presencial	15
Cooperación transfronteiriza e cohesión	24	Teleformación	50
Cooperación transfronteiriza e cohesión	24	Autoformación	200

Ao igual que nos anos anteriores, estanse a desenvolver catro niveis de formación (A1, A2,B1 e B2), cada un deles con 150 horas de duración. O total de prazas ofertadas especificamente en lingua portuguesa acada a cifra de 250.

- As actividades de lingua portuguesa continúan a rexistrar unha elevada demanda, como acontecía en 2017. Así pois, rexistráronse un total de 785 solicitudes para acceder a algún dos catro niveis de formación en lingua portuguesa, o que representa 3,14 solicitudes de matrícula por cada praza convocada nesta lingua.
- É importante destacar que por primeiro ano a EGAP inclúe na súa oferta unha actividade formativa de Conversa en portugués, dirixida tamén a todos os colectivos de empregados públicos.
- O orzamento total destinado á formación en lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía ascendeu en 2018 a 16.998 €, de xeito que a EGAP incrementou a cuantía económica destinada á formación nesta materia. Deste importe, o 91% corresponde aos cinco cursos de lingua portuguesa, e o 9% restante ás actividades en materias relativas á cooperación transfronteiriza.

2. PREVISIÓN DE FORMACIÓN EN LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA PARA 2019

No momento actual tan só se deron os primeiros pasos para iniciar os traballos de programación das actividades formativas da EGAP para o vindeiro ano 2019. Non obstante, este centro directivo está en disposición de adiantar o seu compromiso de manter, e na medida do posible incrementar, os recursos económicos destinados á formación en materia de lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

ACTIVIDADES CULTURAIS : SECRETARÍA XERAL DE CULTURA

1. PROGRAMA “NORTEAR”

1.1. “Premio Nortear”

O certame chega no 2018 á súa IV Edición.

Dotado con 2.000 euros, ademais da publicación bilingüe da obra gañadora.

A persoa gañadora desta IV Edición darase a coñecer no último trimestre do ano 2018.

A III Edición tivo como gañadora a obra “34, Rue Saint Jacques”, da escritora lucense Cecilia Fernández Santomé. Previamente foran galardoada a obra “Clementina”, da xornalista galega Lara Dopazo Ruibal (I Edición) e o relato “Nos arquipélago”, do portugués Rui Cerqueira Coelho (II Edición).

1.2. “Conversas Nortear”

- Marzo 2017 : Inma López Silva e Valter Hugo Mãe (Pontevedra)

- Decembro 2017 : Virginia do Carmo e Miguel Sande

- Maio 2018 : Paula Carballeira e João Pedro Mésseder, moderado por Levi Leonido Fernandes da Silva

1.3. Exposición “Libertas”

Mostra formada por sete instalacións artístico-fotográficas acompañadas de texto, dedicadas a outros tantos escritores e activistas en prol dos dereitos humanos. A mostra, organizada polo Centro PEN Galicia e coordinada polo seu director, Xabier Castro, baixo a coordinación de Olegario Sampedro, exhibiuse no Museo Alberto Sampaio de Guimarães no mes de maio.

1.4. Exposición “Camiños do ferro e da prata. Liñas do Douro e do Miño”

Esta mostra fotográfica, acollida na igrexa da Universidade de Santiago de Compostela, permaneceu na capital de Galicia entre o 18 de outubro e o 29 de novembro do 2017.

1.5. Outras

Outras das iniciativas que viron a luz no marco do programa Nortear foron o intercambio de fondos bibliográficos para enriquecer a sección de literatura portuguesa da Biblioteca de Galicia e a sección galega da Biblioteca da Dirección Rexional de Cultura do Norte, ademais da realización de dous roteiros literarios dixitais sobre Rosalía de Castro e sobre Valle-Inclán.

2. PROXECTO “aRi[t]mar”

Proxecto didáctico e cultural, que ten por obxectivo divulgar a música e a poesía galega e portuguesa actuais, e achegar a cultura e a lingua dos dous países, no marco da Lei Valentín Paz – Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e vínculos coa lusofonía.

O certame é convocado pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela.

Os galardóns xa concedidos son os seguintes:

Premio ao Mellor Tema Musical Galego do ano 2017

Gañadora : “Bailando as rúas” de A banda da Loba

2º posto : “A modiño” de De Vacas

3º posto : “Casandra” de MJ Pérez

Premio ao Mellor Tema Musical Portugués do ano 2017

Gañadora : “Amar pelos dois” de Salvador Sobral e Luísa Sobral

2º posto : “Se me deixasses” de Tiago Bettencourt

3º posto : “Leve como uma pena” de Ana Bacalhau

Premio Embaixada da Amizade Galego – Lusófona

Gañadora : “Convergências Portugal-Galiza”

3. DIÁLOGOS MUSICAIS

Ao longo do ano houbo diferentes propostas de colaboración entre músicos de Galicia e Portugal que contribuíron a explorar e compartir as raíces sonoras conxuntas e os novos traballos de creadores e creadoras.

3.1. “Cantos na maré”

O Festival Internacional da Lusofonía, celebrou unha nova edición en Pontevedra. Producido por Nordesía, co apoio da Agadic e coa cantante Uxía como directora artística, na edición de 2017 actuaron Guadi Galego,

o guineano Manecas Costa, o angolano Paulo Flores, a portuguesa Celina da Piedade e a brasileira Kátya Teixeira, coa participación de Santiago Auserón como artista convidado.

3.2. International Keyboard Festival & Masterclass da Eurocidade Tui-Valença (IKFEM)

En 2017 celebrouse a quinta edición do **International Keyboard Festival & Masterclass da Eurocidade Tui-Valença**, o IKFEM, un ano máis co apoio da Secretaría Xeral de Cultura. Este proxecto combina parte didáctica, con talleres e clases maxistras, con actuacións musicais, que nesta edición foron da man de artistas e agrupacións como Abe Rábade & Javier Otero, Best Boy ou Ignacio Prego.

3.3. OuTonalidades

Tamén repetiu a Agadic a súa colaboración coa asociación D'Orfeu no programa de intercambio cultural **OuTonalidades**. Esta iniciativa levou de outubro a decembro unha serie de actuacións musicais a distintas localidades de Portugal e Galicia.

4. COPRODUCCIÓNS TEATRAIS

4.1. “O conto de inverno”

Na adaptación da obra de William Shakespeare colaboraron o Centro Dramático Galego, a compañía Teatro Oficina de Guimarães, a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e Teatro Aveirense. Teatro Oficina foi a encargada de poñela en escena, e o elenco contou coa participación dos intérpretes galegos Marta Pazos, Xosé Barato e Santi Cuquejo.

4.2. “Daniel Faria”

O Centro Dramático Galego, o Teatro Nacional D. Maria II de Lisboa e o Teatro Municipal Rivoli do Porto coproducion co artista vigués Pablo Fidalgo o proxecto **Daniel Faria**, sobre o autor e monxe luso, considerado un dos mellores poetas do século XX do seu país.

5. III ENCONTRO DE COPRODUCCIÓN AUDIOVISUAL PORTUGAL-GALICIA

O principal evento de colaboración entre Galicia e Portugal no terreo audiovisual foi o **III Encontro de Coprodución Audiovisual Portugal-Galicia**. Esta cita desenvolveuse, como nas edicións anteriores, durante o Festival de Cine Internacional de Ourense, o OUFF, e na súa organización colaboraron a Agadic e o Instituto do Cinema e do Audiovisual de Portugal.

6. XII BIENAL DE PINTURA EIXO ATLÁNTICO 2017-2018

Ademais dos proxectos expositivos realizados ao abeiro do programa Nortear, no ámbito das artes plásticas e visuais, arrancou en novembro, no Barco de Valdeorras, a mostra itinerante da **XII Bienal de Pintura Eixo Atlántico 2017-2018**, para despois cruzar a fronteira ata Viana do Castelo.

7. LINGUA

7.1. Centros de Estudos Galegos en Portugal e Brasil (Universidades e Institutos)

Para apoiar o estudo do galego en Portugal, a Xunta de Galicia conta con tres dos **centros de estudos galegos** no país veciño, situados na Universidade Nova de Lisboa, na Universidade do Algarve e na Universidade do Minho, en Braga. Tamén se ofrecen cursos de galego na sede do Instituto Cervantes de Lisboa. No ámbito da lusofonía, en Brasil, hai centros de estudos galegos na Universidade Federal da Bahia, na Federal Fluminense de Niteroi, na Universidade de São Paulo e no Instituto de Letras de Río de Xaneiro. Estas dúas últimas contan tamén con sedes do Instituto Cervantes nas que se imparten clases de lingua galega. O Instituto Camões ten un Centro de Língua Portuguesa en Vigo, a través do que contribúe ao estudo e difusión da lingua e cultura propias do país.

7.2. Convenio coa Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte... nas ondas!”

A Consellería de Cultura e Educación tamén lle deu continuidade ao convenio coa asociación cultural e pedagóxica **Ponte... nas ondas!** Este acordo incluíu a elaboración de unidades didácticas de contidos de patrimonio inmaterial para alumnos de educación primaria e secundaria. A asociación realizou unha retransmisión especial con escolares galego-portugueses desde o Museo do Mar do Mar de Galicia co gallo da estancia do Pergamiño Vindel en Galicia.

ACTIVIDADES CULTURAIS : AGADIC

1. CULTURAL 2017

O Cultural 2017 celebrouse en Pontevedra entre o 1 e o 3 de decembro, acoitando varias actividades relacionadas coa lusofonía:

2. “AO LATEXO DAS LETRAS”: homenaxe a María Victoria Moreno

Espectáculo preparado polo músico Óscar Ibáñez, coa colaboración da poetisa Tamara Andrés, en homenaxe a María Victoria Moreno. A xira incluíu concertos celebrados, entre o 5 e o 18 de maio, na Illa de Arousa, Melide, A Estrada, Lisboa e Ponte de Lima.

3. IV SEMANA CULTURAL DE CONVERGÊNCIAS PORTUGAL-GALIZA

A 4ª Semana Cultural “Convergências Portugal – Galiza” celebrouse entre o 18 e o 25 de febreiro do 2018 nas cidades de Padrón, Santiago de Compostela e Braga (Portugal). A través de diversas actividades, que inclúen actuacións musicais, representacións teatrais, presentacións de libros, así como conferencias e lecturas poéticas, esta iniciativa pretende homenaxear cada ano a dúas figuras senlleiras da cultura de Galicia e Portugal: Rosalía de Castro e José Afonso.

4. Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)

Durante o ano 2017, o CGAI levou a cabo 5 ciclos de cinema portugués:

- “GOTHIC FILMS: AS EPIFANÍAS DE LUÍS NORONHA DA COSTA”
- “CONTEXTO: PEDRO COSTA E CAVALO DINHEIRO”
- “CINE PORTUGUÉS: NOVAS OLLADAS”
- “25 ANOS DE CURTAS VILA DO CONDE”
- “ANTÓNIO REIS & MARGARIDA CORDEIRO”

Durante o que levamos de 2018, en relación coa lusofonía o CGAI desenvolveu ata o momento actual a programación seguinte:

- PORTO (Gabe Klinger), película ambientada en Porto e de produción portuguesa.

- RECONVERSAO (Thom Andersen), documental sobre o arquitecto portugués Souto de Moura, en inglés e portugués.
 - A MARGEM (1967) e A OPÇÃO (1981), dúas películas do brasileiro Ozualdo Candeias programadas en colaboración con Play-Doc.
 - Ciclo do documentalista brasileiro JOAO MOREIRA SALLES: NO INTENSO AGORA (2017), ENTREATOS (2004), ÚLTIMAS CONVERSAS (2015) e SANTIAGO (2006). Este ciclo está aínda en marcha.
- Para o futuro, están previstos dous ciclos dedicados aos portugueses ANTONIO CAMPOS e PAULO ROCHA en colaboración coa Cinemateca Portuguesa.

ACTIVIDADES CULTURAIS : FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA

Actividade: A descoberta dos océanos

Data: 20 de xaneiro de 2018.

Programa: Pequefilmes 2018. Festival Infantil de Curtas.

Orzamento: 10.000 €

Orzamento global do programa, non están desglosados os custos concretos da sesión de referencia.

Descrición: Dentro da edición 2018 do Festival Infantil de Curtas dedicouse unha sesión íntegra á proxección da serie completa “A Descoberta dos Océanos”.

Actividade: Antonio e Cleopatra

Data: 1 de febreiro de 2018.

Programa: Escenas do Cambio 2018. Festival de Inverno de Teatro , Danza e Arte en Acción.

Orzamento: 6.265,50 €. En colaboración co Instituto Camões.

Descrición: A edición de Escenas do Cambio 2018 apostou por abrir o programa coa presentación da obra do director Tiago Rodrigues, adaptación do clásico de Shakespeare e que se presentaba por primeira vez en Galicia, despertando Grande interese e unha grande ovación no público asistente.

Actividade: Master Class de Sofía Dias e Vitor Roriz

Data: 2 de febreiro de 2018.

Programa: Escenas do Cambio 2018. Festival de Inverno de Teatro , Danza e Arte en Acción.

Orzamento: 363 €. En colaboración co Instituto Camões.

Descrición: Dentro da edición 2018 de Escenas do Cambio programouse este obradoiro no que os bailaríns da compañía de Tiago Rodrigues puxeron os seus coñecementos ao servizo dos bailaríns e coreógrafos que se anotaron nesta sesión.

Actividade: Miguel meets Karima

Data: 8 de febreiro de 2018.

Programa: Escenas do Cambio 2018. Festival de Inverno de Teatro , Danza e Arte en Acción.

Orzamento: 1.692 € En colaboración co Concello de Santiago e o Instituto Camões.

Descrición: Continuando coa presenza de Portugal en Escenas do Cambio 2018 programouse a obra do artista Miguel Pereira e a súa reflexión ao redor da creación artística baixo o título Miguel meets Karima.

Actividade: Os sons do Vindel. Músicas da Península Ibérica no S.XIII

Data: 2 de marzo de 2018.

Programa: Os sons do Vindel.

Orzamento: 9.300 € (Antes de impostos).

Descrición: Co gallo da presenza do Pergamiño Vindel no Museo do Mar de Galicia decídese programar un concerto no que gozar coa música do pergamiño da man do aclamado grupo de música antiga Ensemble Micrologus. Para a configuración do programa e coa idea de dar unha visión máis unitaria das músicas peninsulares nese século XIII solicítase ao grupo a posibilidade de inclusión no concerto de obras do Pergamiño Sharrer.

Actividade: Os xogos do Helder

Data: 21 de abril de 2018.

Programa: Cidade Imaxinaria Primavera.

Orzamento: 1.500 € (Antes de impostos).

Descrición: Dentro da programación de cidade Imaxinaria que por primeiro ano se realizou en primavera, programouse unha actividade lúdica con xogos tradicionais que foron encargados ao pedagogo portugués Helder.

Actividade: A renovación da lírica portuguesa. Conferencia a cargo de Teresa Salgueiro

Data: 16 de xuño de 2018.

Programa: Nexos 2018. Ciclo de Cultura Contemporánea. Sesión 5.

Orzamento: 4.000 €. Orzamento aproximado e en colaboración co Instituto Camões.

Descrición: Para pechar o ciclo de cultura contemporánea Nexos 2018 e como conferencia principal da edición do 2018 prográmase un coloquio e actuación artística con Teresa Salgueiro para analizar a situación da lírica portuguesa na actualidade.

Actividade: Espectáculo Arraianos de Sondeseu

Data: 22 de xuño de 2018.

Programa: Día da Música.

Orzamento: 10.800 € (Antes de impostos). En colaboración coa AGADIC.

Descrición: Para celebrar o Día da Música deste 2018 prográmase o espectáculo Arraianos, no que a Orquestra Folk Soudeseu quere poñer en común os sons de diferentes puntos da península ibérica. En concreto para o concerto do día 22 está prevista a actuación do multinstrumentista, produtor e compositor de Braga Daniel Pereira Cristo representando o folclore portugués.

Actividade: Silence Lovers Club

Data: 3 de agosto de 2018.

Programa: Atardecer no Gaiás.

Orzamento: 2.800 € (Antes de impostos).

Descrición: A falta de pechase todos os nomes do ciclo de música Atardecer no Gaiás, temos confirmada a presenza da cantante portuguesa Celina da Piedade como colaboradora do proxecto de Fernando Barroso Silence Lovers Club.

Actividade: O Gatillo da Felicidade

Data: 14 de febreiro de 2019.

Programa: Escenas do Cambio 2019. Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción.

Orzamento: 6.050 €. En colaboración co Concello de Santiago.

Descrición: A presenza portuguesa en Escenas do Cambio volve ser unha constante na edición programada para o 2019. Neste caso será da man dos creadores Ana Borralho e Joao Galante.

CRTVG

1. CONVENIO DE COLABORACIÓN EN VIGOR CRTVG - RTP

En 2016 a Radio Televisión Portuguesa (RTP) e a CRTVG asinaron un convenio de colaboración que deu lugar a diversos desenvolvementos entre Galicia e Portugal no eido audiovisual. Este convenio, que renovou o anterior asinado en 2013, segue en vigor.

2. PROGRAMAS PORTUGUESES NA TVG

En marzo de 2018, TVG estreou pola súa segunda canle, a serie xuvenil lusa “Morangos com Açúcar”, en versión orixinal, a primeira que emite en portugués, subtitulada en galego. De luns a venres ás 19.15 horas esta produción portuguesa que estivo en emisión durante dez anos na canle TVI na que foi líder na súa franxa horaria, sobre todo entre o público xuvenil. A CRTVG emitirá 60 capítulos da serie, ata a primeira semana de xuño.

3. COPRODUCCIÓN DE FICCIÓN

Despois do recente éxito de “Vidago Palace”, a CRTVG aborda actualmente unha nova coprodución coa RTP, que comezou a rodarse o pasado martes 29 de maio, no norte de Portugal. 'Verão M', de 13 episodios, é unha aposta fresca, de verán, enmarcada no xénero de aventuras, e dirixida a toda a familia. Enmárcase na liña de cooperación audiovisual establecida co país veciño que ten moito futuro pola nosa identidade cultural. A serie ten un compoñente transfronteirizo puro: acontece ao outro lado da raia e con personaxes galegos, cunha presenza de Galicia nas propias historias e, incluso, cunha parte da rodaxe en Galicia.

'Verão M' nace como continuidade á estreita cooperación entre a TVG e a RTP, que deu lugar a variados desenvolvementos entre as dúas canles, como programas conxuntos nos últimos anos ('Aquí Galicia', 'Camiños da Irmandade'), ou coproducións de ficción como a citada 'Vidago Palace'.

4. PRESENZA PERMANENTE DOS SERVIZOS INFORMATIVOS DA CRTVG NO PORTO

Froito do acordo coa RTP, en 2016 a CRTVG comezou traballar de maneira permanente cun xornalista situado nas instalacións do centro de produción da compañía pública portuguesa na cidade de Porto. Isto repercutiu na ampliación da cobertura informativa e na presenza de falantes de portugués nos programas informativos dos medios públicos galegos. Custo anual estimado: 100.000€.

5. COÑECEMENTO DOS XORNAIS LUSOS

A canle pública galega incorpora cabeceiras portuguesas xunto ás galegas á revista de prensa que se emite dentro do programa informativo “Bos Días”.

6. ASPECTOS LINGÜÍSTICOS E ACHEGAMENTO AO PORTUGUÉS

- O Servizo de Asesoramento Lingüístico da CRTVG traslada ao equipo de lingüistas da entidade as recomendacións da Academia Galega da Lingua Portuguesa, para que os medios públicos galegos coiden a fonética portuguesa á hora de pronunciar os nomes propios e topónimos lusos.
- Ademais, en marzo, a CRTVG puxo en marcha a iniciativa “*Aprendendo portugués con 'Morangos con açúcar'*”, a serie lusa que emitiu entre marzo e maio na tvG2. A través da canle de You Tube ([.youtube.com/user/TVG/videos](https://www.youtube.com/user/TVG/videos)) e tamén no portal web crtvg.gal, emítense vídeos didácticos para a aprendizaxe -divertida en moitas ocasións- da lingua portuguesa, xogando coas semellanzas e curiosidades respecto do galego, sempre arredor dos guións da serie.

7. ENCONTROS INSTITUCIONAIS

En xaneiro de 2018, a proposta da CRTVG, a rede de canles de televisións rexionais FORTA

organizou unha reunión dos directivos de canles españolas en Lisboa, na que participaron directivos da canle pública RTP.

- E, en maio deste ano, a TVG foi a única televisión invitada pola RTP ao Festival de Eurovisión, celebrado en Lisboa. Representantes da canle galega puideron coñecer de primeira man a gran produción dun evento como o festival da canción europea, que Portugal acolleu por primeira vez na súa historia. O festival foi organizado pola Unión Europea de Radiodifusión (UER-EBU) coa televisión portuguesa RTP como anfitrión, e tivo lugar no pavillón Altice Arena de Lisboa.

8. PROPOSTA DE EMISIÓNS RECÍPROCAS DAS TELEVISIÓNS PÚBLICAS DE GALICIA E PORTUGAL

A Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicos (FORTA) incluiu o ano pasado no seu decálogo estratéxico, a proposta da CRTVG, que o espírito da Lei 7/2010 Xeral de Comunicación Audiovisual, no punto onde prevé que a radio televisión pública dunha Comunidade Autónoma poida emitirse noutra limítrofe se existen afinidades lingüísticas e culturais, se extenda ao ámbito dos estados español e portugués, de maneira que os Gobernos de ambos países poidan artellar un acordo de reciprocidade de emisións entre RTP e CRTVG dada a afinidade lingüística e cultural entre ambos territorios.

9. PREVISIÓNS PARA O RESTO DE 2018.

Serán tendencialmente semellantes ás dos anos anteriores se as circunstancias permiten a súa continuidade.

RELACIÓNS EXTERIORES

1. APROBACIÓN DA ESTRATEXIA GALEGA DE ACCIÓN EXTERIOR

No Consello da Xunta de 01.02.2018 aprobouse a Estratexia Galega de Acción Exterior. Nesta estratexia, a lusofonía ten unha presenza reiterada, tanto no eido económico como no cultural, situando a Galicia como intermediario natural entre o mundo lusófono e o mundo hispano.

A “Estratexia” define varias áreas prioritarias de actuación de Galicia no exterior. E, dentro delas, a primeira é Portugal, entendida non só como país senón tamén como unha ponte de entrada para a lusofonía. En concreto, nesta estratexia declárase que Galicia debe asumir un cualificado rol en España de avogada de Portugal e da máxima cooperación entre a cultura hispana e a lusofonía.

2. APROBACIÓN DO IV PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA (2018-2021) : COLABORACIÓN CO PALOP

Por outra banda, o IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) aprobado polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) o 18.04.2018 e polo Consello da Xunta o 05.05.2018 (pendente da aprobación definitiva polo Parlamento de Galicia); é o instrumento de Planificación da

Cooperación Galega para os vindeiros catro anos. As actuacións concrétanse nos Plans Anuais correspondentes.

O novo plan director recolle actuacións en relación cos Países Africanos de Língua Oficial Portuguesa (PALOP).

3. ACTIVIDADES CONCRETAS

Entrando en actuacións concretas, o 10.06.2017, a Subdirección Xeral de Acción Exterior participou no Panel “A oportunidade do espazo galaico-luso-afro-américo-asiático”, dentro do encontro “A lingua como oportunidade” organizado polo Concello de Santiago e a Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa (UCCLA), co gallo da entrada da cidade de Santiago de Compostela na UCCLA.

O 17.06.2017 a Dirección Xeral participou na toma de posesión de Teresa Moure Pereiro como académica de número da Academia Galega da Lingua Portuguesa.

O 07.04.2018, a Subdirección Xeral de Acción Exterior inaugurou o “II Encontro Mulheres da Lusofonia: Mulheres, Territórios e Memórias” organizado pola Academia Galega da Lingua Portuguesa en Santiago de Compostela, en asociación coa Comunidade de Países de Lingua Portuguesa.

Finalmente, a inclusión do Consello da Cultura Galega e da Academia Galega por Lingua Portuguesa como observadores consultivos na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), ou a da cidade de Santiago de Compostela na rede de cidades lusófonas debe incrementar o papel da Eurorrexión como ponte entre Europa e os países lusófonos.

Por último e como complemento aos cursos de portugués da EGAP, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea está organizando un curso de portugués para o seu persoal, cunha duración de 150 horas, comezaría en outubro de 2018 e o contido está fundamentalmente orientado ao portugués oral e aplicado á xestión.

4. OUTRAS INICIATIVAS (PROGRAMA “IACOBUS”)

No que respecta a outro dos actores mencionado no Decreto 178/2015, cabe destacar dentro das actividades da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal, que a AECT amosou o seu apoio á proposta de inscrición de Ponte nas Ondas como mellor práctica para a salvagarda do patrimonio inmaterial galego-portugués, na lista de Melloras Prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO. A carta de apoio foi asinada con data 11.01.2018.

No programa IACOBUS, como medio para achegar os sistemas universitarios galego e portugués mediante o sistema de estadías de profesorado, investigadores e persoal de administración e servizos das Universidades galegas nas Universidades e Centros de Ensino Superior do Norte de Portugal e á inversa. Este ano están a realizarse os intercambios correspondentes á quinta convocatoria, de resultados da que 73 galegos están a facer intercambio nos centros portugueses e 65 portugueses nas universidades galegas. O importe destas estadías é de 150.000 euros. Ademais, está prevista facer unha nova convocatoria en 2018.

Na última reunión dos órganos directivos da AECT, celebrada o 08.02.2018, aprobáronse, entre outros asuntos, as actividades do ano 2018, entre as que destacan as seguintes accións: desenvolver como un Cumio entre as autoridades de Galicia e o Norte de Portugal xunto ao Goberno español e o Goberno portugués en Turismo (que tivo lugar en Matosinhos o 9 de abril de 2018; actos de promoción e impulso á

industria e o emprego eurorrexional; a reunión das comisións sectoriais e territoriais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal; a participación no Forum luso galaico da Economía do mar; a colaboración na visita do Presidente da Xunta de Galicia a Lisboa.